

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*RESOLUCIÓN do 3 de novembro de 2016 pola que se procede á publicación da relación dos beneficiarios e o importe das bolsas concedidas en virtude da Orde do 15 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2016.*

En cumprimento do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 8 da Orde do 15 de marzo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2016, procédese á publicación dos adxudicatarios e o importe das bolsas.

Obxecto da axuda: as bolsas irán destinadas a actividades de formación relacionadas cos procesos técnicos que se realizan no ámbito dos arquivos e os seus fondos documentais.

Os bolseiros realizarán a súa actividade nos arquivos a que sexan destinados e nos servizos centrais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e serán tutelados, coordinados e dirixidos polos seus servizos técnicos de arquivos.

As bolsas terán unha duración de seis meses (6) contados a partir da data de incorporación que estableza a Secretaría Xeral de Cultura de acordo co centro de destino.

As bolsas poderán ser prorrogables automaticamente ata outros 6 meses (6) en función da existencia de crédito suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017.

Norma reguladora: Orde do 15 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao programa 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 65, do 6 de abril).

Crédito orzamentario: 107.406 € (cento sete mil catrocentos seis euros) recollido na aplicación orzamentaria 10.20.432A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.



Beneficiarios: os beneficiarios e o importe das bolsas figuran no anexo a esta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir da data de notificación desta aos interesados ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO0**  
**Relación de adxudicatarios e importe das bolsas de arquivos**

Orde	Apelidos e nome	Puntos	Destino	Importe bruto mensual
1	María Olga Loureiro Fontenla	8,95	Arquivo de Galicia	895,05 €
2	Rocío Botana Iglesias	6,75	Arquivo de Galicia	895,05 €
3	Benito Ramírez Abal	6,50	Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra	895,05 €
4	David López-Villalta Lozano	4,85	Arquivo do Reino de Galicia	895,05 €
5	Eva Penedo Vázquez	4,35	Arquivo de Galicia	895,05 €
6	Anastasio Santos Iglesias Blanco	4,25	Servizo do Sistema de Arquivos de Galicia	895,05 €
7	Uxío Méndez Pazos	3,75	Arquivo Histórico Provincial de Lugo	895,05 €
8	Pilar Suárez Martínez	3,75	Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo	895,05 €
9	Elena Rial Martínez	3,60	Arquivo Municipal de Curtis	895,05 €
10	Rubén Castro Redondo	3,50	Arquivo Municipal de Cee	895,05 €
11	Sara Rodríguez Souto	3,50	Arquivo Xudicial da Coruña	895,05 €
12	Beatriz Bermúdez Blanco	3,50	Arquivo Municipal de Pontedeume	895,05 €
13	María América Díaz Pampín	3,50	Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	895,05 €
14	María del Mar Lemiña Lemus	3,50	Arquivo Xudicial de Pontevedra	895,05 €
15	Paula Vázquez Ramos	1,50	Arquivo Histórico Provincial de Ourense	895,05 €
16	Ana García Diéguez	1,35	Arquivo Xudicial de Ourense	895,05 €
17	Sabela Pindusa Martínez Rodríguez	1,25	Arquivo Municipal de Sober	895,05 €
18	Marta Fernández García	1,20	Arquivo Xudicial de Lugo	895,05 €
19	Lucía Pedreira Sánchez	1,00	Arquivo Municipal de Viana do Bolo	895,05 €
20	Jorge García Sánchez	0,60	Arquivo Municipal do Valadouro	895,05 €

